



## XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.

### CONVOCATORIA XUNTA XERAL ORDINARIA

O Consello de Administración de Xestión do solo de Galicia- Xestur, S.A., na súa reunión do 25 de abril de 2019, acordou convocala Xunta Xeral Ordinaria de accionistas, que se celebrará no domicilio social da sociedade (Área Central, local 25Z-1º andar, Polígono Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela), o **27 de maio 2019, ás 11.00 horas en primeira convocatoria** ou, de non alcanzarse o quorum necesario, o día **28 de maio de 2019, no mesmo lugar e hora, en segunda convocatoria**.

A Xunta Xeral de Accionistas convócase ó obxecto de deliberar e resolver acerca dos asuntos comprendidos na seguinte:

#### ORDE DO DIA

- 1) Aprobación, se procedera, das contas anuais do exercicio económico 2018.
- 2) Acordo, se procedera, da compensación de perdas a través da aplicación da prima de emisión.
- 3) Acordo, se procedera, da redución de capital coa finalidade de restablecer o equilibrio entre capital e patrimonio neto diminuído como consecuencia das perdas.
- 4) Acordo, se procedera, da ampliación do capital social co fin de atender a amortización total da póliza de préstamo subscrito coa entidade ABANCA en data 30.11.2015, e de fortalecer a solvencia económica da sociedade, e sometemento do acordo ao Consello da Xunta de Galicia, para a autorización do mesmo, se procedera
- 5) Modificación, no seu caso, dos artigos 6 e 7 dos Estatutos Sociais.
- 6) Nomeamento dun novo membro do Consello de Administración para cubrir a vacante producida pola renuncia dun membro do mesmo.
- 7) Rogos e preguntas.
- 8) Formalización e ejecución de acordos.
- 9) Aprobación da Acta da Xunta.

De conformidade co artigo 197 do Real Decreto Lexislativo 1/2010, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital (LSC), os accionistas poderán solicitar dos Administradores, acerca dos asuntos comprendidos na orde do día, as informacíons ou aclaracións que estimen precisas, ou formular por escrito as preguntas que estimen pertinentes, ata o séptimo día anterior ao previsto para a celebración da Xunta. Así mesmo, conforme aos artigos 272 e 287 da LSC, calquera socio poderá obter da sociedade, de xeito gratuito, os documentos que deben ser sometidos á aprobación da mesma, así como o informe de xestión e o informe do Auditor de Contas.

En Santiago de Compostela a 25 de abril de 2019.

O Secretario do Consello de Administración.

Ángel Rodríguez González

